



Concello de Cerdido

As Felgasas, s/n, A Barqueira
15569 Cerdido (A Coruña)

981 41 10 00

www.cerdido.org

correo@cerdido.es



ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO DE CERDIDO CON DATA 30 DE XUÑO DE 2025

En Cerdido, sendo as 20:33 horas do día 30 de xuño de 2025 reúnen-se na Casa do Concello, ao obxecto de celebrar a sesión pública ordinaria e en primeira convocatoria.

Preside: D. Alberto Rey Paz

Asisten:

D^a. María Amalia Díaz Rodríguez

D. Darío Santalla López

D. Jose Manuel Luaces Piñón

D^a María de los Dolores Pita Anca

D. Diego Graña Pérez

D. Brais Prieto Verdial

D^a Rocío Martínez Martínez

Non asisten, con causa xustificada:

D. Julián Blanco Rodríguez

Secretario: Ignacio H. Domínguez Simons

Constátase a presenza de membros deste órgano en **quórum suficiente**.

Os concelleiros recoñecen haber recibido toda a documentación dos asuntos incluídos na orde do día que debe servir de base ao debate, e no seu caso a votación, polo que o alcalde, como Presidente, declara aberta a sesión.

Procédese a tratar os asuntos incluídos na **ORDE DO DÍA:**

1. Aprobación da acta do pleno do 30/04/2025

O Alcalde pregunta se algún membro da corporación ten que formular algunha observación á acta da sesión anterior.

Dona Amalia informa de dous erros de transcripción no acta.

No apartado de rogos e preguntas, onde pon:

- Don Brais pregunta por unha subvención para a **Praia dos Casás** e outra de feísmo para Fontes e Lavadoiros. O alcalde di que esa subvención tiña tres meses de prazo. Que debe estar a punto de caducar.

Debe constar:



Concello de Cerdido

As Felgosas, s/n, A Barqueira
15569 Cerdido (A Coruña)

981 41 10 00

www.cerdido.org correo@cerdido.es



- Don Brais pregunta por unha subvención para a **Fraga dos Casás** e outra de feísmo para Fontes e Lavadoiros. O alcalde di que esa subvención tiña tres meses de prazo. Que debe estar a punto de caducar.

E onde figura:

- Don Julián lembra que no último pleno, un dos temas que consultaron era o mal estado da pista de **Cuqueira**. Que a mesma segue en mal estado.

Debe constar:

- Don Julián lembra que no último pleno, unha dos temas que consultaron era o mal estado da pista de **Felgueira**. Que a mesma segue en mal estado.

Don Brais fai a seguinte corrección do acta anterior:

Di que na páxina 5, onde pon “Don Brais insiste na necesidade de evitar que se formen uns Remanentes de Tesourería para gastos Xerais tan elevados”, o que en realidade dixo foi que se invirtesen no municipio.

O alcalde contesta que se revisará a gravación.

Revisada a gravación, pódese afirmar que na súa intervención, Don Brais tamén di que se mire ben si o remanente se pode gastar en proxectos propios.

Don Brais tamén lembra que no pleno anterior se preguntou polo estado dos orzamentos do 2025 e que o alcalde contestou que estaban moi avanzados. Don Brais lembra que se dixo que a previsión era levalos a aprobación no pleno de abril.

O alcalde di que el nunca puxo data de entrega e o secretario intervén coa permiso do Alcalde para aclarar que esa data era a súa previsión, pero que varios asuntos e a falta de medios persoais, así como o pouco tempo que leva no concello e o seu descoñecemento do programa de contabilidade, están a complicar moito o remate da tarefa de elaboración dos orzamentos. Que non se atreve a dar unha data de entrega.

Feitas as aclaración anteriores, sométese a aprobación as actas co seguinte resultado:

Votos a favor da aprobación da acta do 30 de abril de 2025:

D. Alberto Rey Paz, D^a. María Amalia Díaz Rodríguez, D. Darío Santalla López, D. Jose Manuel Luaces Piñón, D. Brais Prieto Verdial, D^a María de los Dolores Pita Anca, D. Diego Graña Pérez e D^a Rocío Martínez Martínez

Votos en contra: ningún

Abstencións: Ningunha

2.- APROBACIÓN DA CONTA XERAL DO EXERCICIO 2024.



Concello de Cerdido

As Felgasas, s/n, A Barqueira
15569 Cerdido (A Coruña)
981 41 10 00
www.cerdido.org correo@cerdido.es



O Alcalde procede á lectura da proposta de aprobación da conta Xeral do exercicio 2024

Tramitado o expediente administrativo número Tedec: 2025/T017/000001 de aprobación da Conta Xeral do ano 2024 no que consta a documentación para a rendición da Conta Xeral deste Concello correspondente ao exercicio de 2024 e informada favorablemente pola Comisión Especial de Contas do día 30/04/2025 e unha vez rematado o período de exposición ao público, publicado no BOP do día 08/05/2025 e de acordo co artigo 212.3 do devandito Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais

Esta a Alcaldía propón ao Pleno do Concello

Primeiro.- *Aprobar a conta xeral do exercicio de 2024 que reflexa a situación financeira, económica e patrimonial, así como os resultados económicos da execución e liquidación do presuposto municipal .*

Segundo.- *Remitir ao Consello de Contas a documentación requirida para a súa rendición.*

Ningún dos membros do pleno solicita aclaración do alcalde polo que o presidente somete a aprobación da proposta a votación co seguinte resultado:

Votos a favor da aprobación da Conta Xeral do 2024:

D. Alberto Rey Paz, D^a. María Amalia Díaz Rodríguez, D. Darío Santalla López, D. Jose Manuel Luaces Piñón, D. Diego Graña Pérez e D^a

Votos en contra: ningún

Abstencións: D. Brais Prieto Verdial, D^a María de los Dolores Pita Anca, Rocío Martínez Martínez

Visto anterior, o Pleno do Concello de Cerdido acordou:

Primeiro.- Aprobar a conta xeral do exercicio de 2024 que reflexa a situación financeira, económica e patrimonial, así como os resultados económicos da execución e liquidación do presuposto municipal .

Segundo.- Remitir ao Consello de Contas a documentación requirida para a súa rendición.

3.- Ordenanza Municipal reguladora das actividades extractivas de madeira e xestión de biomasa nos montes e espazos forestais.

O alcalde pregunta a todos os membros do pleno se teñen coñecemento da ordenanza.



Concello de Cerdido

As Felgasas, s/n, A Barqueira
15569 Cerdido (A Coruña)

981 41 10 00

www.cerdido.org correo@cerdido.es



Informa que no prazo de exposición pública, presentáronse alegacións por parte de unha asociación de madeireiros. O alcalde día que por parte de secretaría emitiuse informe contestando a esas alegacións.

Por parte de o Secretario, procedese á lectura do informe que rechaza as alegacións presentadas pola asociación de madeireiros, que a continuación se transcribe literalmente:

INFORME DE SECRETARÍA

Á vista dos seguintes antecedentes que obran no expediente 2025/G014/000001 de modificación da Ordenanza municipal reguladora das actividades extractivas de madeira e xestión da biomasa nos montes e espazos forestais que se está tramitando neste Concello,

Logo de ver que en data de 2 de maio de 2025, tiveron entrada no rexistro electrónico do Concello de Cerdido alegacións presentadas por dona Ana Belén Oróns Mata, en representación da Federación de serradoiros e rematantes de madeira de Galicia, con número de rexistro REGAGE25e00036980083 solicitando "Que se teñan por presentadas en tempo e forma as presentes alegacións, e, en evitación de posteriores actuacións pola vía do contencioso administrativo, se proceda á anulación do referido proxecto da Ordenanza reguladora das actividades repoboación forestal, extractivas de madeira e xestión de biomasa nos montes e espazos forestais do concello de Cerdido e a suspensión inmediata da súa tramitación e o subseguinte arquivo de todas as actuacións con el relacionadas."

Esta secretaría, en base ás alegacións formuladas, emite o seguinte:

INFORME

PREVIO.- Inadmisión das alegacións.

Por parte da Federación de serradoiros e rematantes de madeira de Galicia preséntanse alegacións fronte as seguintes obrigas recollidas na ordenanza Reguladora das actividades extractivas de madeira e xestión da biomasa nos montes e espazos forestais do Concello de Cerdido;

1.- Obriga de presentar comunicación previa no rexistro do Concello de Cerdido para iniciar as actividades extractivas de madeira.



Concello de Cerdido

As Felgasas, s/n, A Barqueira
15569 Cerdido (A Coruña)

981 41 10 00

www.cerdido.org correo@cerdido.es



A obriga de presentar comunicación previa antes de iniciar as actividades de extracción de madeira xa estaba contemplada no artigo 5 da ordenanza reguladora das actividades extractivas de madeira en vigor dende a súa publicación no BOP da Coruña, número 244, de 24 de decembro de 2013.

Dita obriga só se modifica no que afecta ao prazo de presentación previa, que pasa de 3 a 5 días. Este aspecto non é cuestionado pola Federación de serradoiros e rematantes de madeira de Galicia, que se opón á propia comunicación xa en vigor.

2.- Obriga de depositar fianza antes do inicio das actividades de extracción de madeira.

A obriga de depositar fianza xa estaba contemplada no artigo 8 da ordenanza reguladora das actividades extractivas de madeira en vigor dende a súa publicación no BOP da Coruña, número 244, de 24 de decembro de 2013.

Na modificación proposta só varían os importes das mesmas, os cales non son cuestionados pola Federación de serradoiros e rematantes de madeira de Galicia.

O artigo 49 Lei 7/1985, do 02 de abril, Bases do Réxime Local, regula o procedemento de aprobación das ordenanzas locais, procedemento que tamén resulta de aplicación para as modificacións, tal e como se establece no artigo 56 do RDLeg. 781/1986 de 18 abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, sendo os trámites para seguir os seguintes:

a) Aprobación inicial polo Pleno.

b) Información pública e audiencia aos interesados polo prazo mínimo de trinta días para a presentación de reclamacións e suxestións.

c) Resolución de todas as reclamacións e suxestións presentadas dentro do prazo e aprobación definitiva polo Pleno.

No caso de que non se presentase ningunha reclamación ou suxestión, entenderase definitivamente adoptado o acordo ata entón provisional.

No caso de modificacións, a tramitación das mesmas limitarase á aprobación, única e exclusivamente, do texto modificado, o cal será o que se someta a información pública, sendo só este obxecto de posibles alegacións e en caso de aprobación definitiva, de impugnacións.

Por tanto, o texto da ordenanza anterior á presente modificación, non pode ser obxecto de impugnación, debido a que a súa tramitación e aprobación foi fai máis de quince anos, o que, sen dúbida, converte a súa impugnación directa a día de hoxe en claramente extemporánea, o transcurso do prazo de dous meses para a presentación do recurso supón a firmeza e inatacabilidade directa da devandita disposición. Sempre sen prexuízo, da súa impugnación indirecta a través dun acto de aplicación.



Concello de Cerdido

As Felgasas, s/n, A Barqueira
15569 Cerdido (A Coruña)

981 41 10 00

www.cerdido.org

correo@cerdido.es



Respecto das alegacións:

PRIMEIRO.- Respecto da sobrecarga administrativa aducida pola Federación de serradoiros e rematantes de madeira de Galicia. (En diante FEARGAMA).

Divide a FEARGAMA esta alegación en dúas supostas irregularidades da ordenanza. Por un lado a incompetencia municipal de exixir comunicación previa e por outro, a incompetencia de exixir responsabilidades polo deterioro das vías forestais.

A.- Respecto da incompetencia para exixir comunicación previa.

Afirma a FEARGAMA que o feito de ter que presentar unha comunicación previa no concello para poder levar a cabo as actividades extractivas de madeira, non só crea inseguridade xurídica, senón que entorpece a actividade empresarial.

Fundamenta os seus argumentos facendo referencia ao artigo 84 bis da Lei 7/1985 do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, engadido polo art. 41.1 da Lei 2/2011, de 4 de marzo, establece que "...con carácter xeral, o exercicio de actividades non se someterá á obtención de licenza ou outro medio de control preventivo. [...]"

Tamén fai referencia á disposición Adicional Primeira da Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia, "as plantacións forestais e as accións de tipo silvícola, así como as de aproveitamento, incluídos as cortas e os abatementos das árbores que constituían masa arbórea, espazo boscoso ou arboredo, haxa ou non planeamento urbanístico municipal aprobado, non requirirán licenza municipal se se realizan en solo rústico ou urbanizable non delimitado, e deberán someterse ao estipulado nesta lei."

Respecto destas alegacións, informase que a ordenanza reguladora non ten como finalidade autorizar unha actividade empresarial, senón ter coñecemento do lugar exacto, e da empresa que está a acometer dita actividade no termo municipal.

O concello de Cerdido e coñecedor de que **non se pode esixir licenza urbanística á talla de árbores en solo rústico se dita talla está autorizada polos órganos competentes en materia forestal.**

Con todo, o art 142.3 LSG afirma que:

«Quedan suxeitos ao réxime de intervención municipal de comunicación previa os actos de edificación e uso do solo e do subsolo non suxeitos a licenza», afirmación que reforza o art 360.3.b) cando expresamente suxeita a comunicación previa "A utilización do solo para o desenvolvemento de actividades mercantís, industriais, profesionais, de servizos ou outras análogas».



Concello de Cerdido

As Felgasas, s/n, A Barqueira
15569 Cerdido (A Coruña)

981 41 10 00

www.cerdido.org correo@cerdido.es



É dicir, aínda que a talla de masa arbórea en solo rústico non está suxeita a licenza urbanística, cando ven autorizada pola Xunta de Galicia, si o está a comunicación previa ao Concello, aínda estando autorizada polo órgano autonómico competente na materia.

A consecuencia da non comunicación é a comisión dunha actuación suxeita a control urbanístico (aínda que “ex post”) sen título habilitante. Ante tal situación o Concello pode, e debe, reaccionar aplicando os mecanismos de protección urbanística que lle proporciona o ordenamento xurídico galego.

Efectivamente, o art 152 LSG dinos que:

«1. Cando se estivese realizando algún acto de uso do solo ou do subsolo sen o título habilitante exigible en cada caso ou sen axustarse ás condicións sinaladas no mesmo, a persoa titular da alcaldía disporá a suspensión inmediata dos devanditos actos e procederá a incoar o expediente de reposición da legalidade, comunicándoo ao interesado.

2. Co acordo de suspensión adoptaranse as medidas cautelares necesarias para garantir a total interrupción da actividade, tales como o precintado das obras, a retirada de materiais e maquinaria, a suspensión de subministracións ou a execución forzosa mediante a imposición de multas coercitivas por importe de 1.000 a 10.000 euros, reiterables até conseguir o cumprimento da orde de paralización, e calquera outra medida que sexa conveniente en prol da efectividade da suspensión».

Desa maneira (e a salvo os medios de execución forzosa ante un eventual incumprimento) a actividade só poderá renovarse cando a Administración declare a compatibilidade coa lei e o resto do ordenamento aplicable. Entre ese ordenamento aplicable estaría a ordenanza reguladora cuxa aprobación rexeita a Federación de serradoiros e rematantes de madeira de Galicia.

B.- Respecto da incompetencia para establecer medios de control previo sobre pistas non pavimentadas.

*Respecto da competencia ou non das entidades locais, de manter en bo estado as pistas, a propia **FEARGAMA** argumenta a responsabilidade municipal no bo estado destas, e como consecuencia desa obriga, xurde a competencia de exixir responsabilidades aos causantes dos danos nas mesmas.*

Utilizando os propios argumentos da FEARGAMA, que se transcriben literalmente “O art. 54 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local establece que as “Entidades locais responderán directamente dos danos e prexuízos causados ós particulares nós seus bens e dereitos como



Concello de Cerdido

As Felgasas, s/n, A Barqueira
15569 Cerdido (A Coruña)

981 41 10 00

www.cerdido.org correo@cerdido.es



consecuencia do funcionamento dos servizos públicos [...]” É, polo anterior, responsabilidade dos Concellos, na prestación obrigatoria do servizo de pavimentación de vías públicas, lles impón o art. 26.1.a) da Lei 7/1985, (segundo a redacción dada polo artigo 1.9 da Lei 27/2013 de 27 de decembro), manter as pistas forestais da súa titularidade nun estado tal que permita o seu uso normal, o que inclúe a saca de madeira.

O artigo 139 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LBRL), establece que:

«Para a axeitada ordenación das relacións de convivencia de interese local e do uso dos seus servizos, equipamentos, infraestruturas, instalacións e espazos públicos, os entes locais poderán, en defecto de normativa sectorial específica, establecer os tipos das infraccións e impor sancións polo incumprimento de deberes, prohibicións ou limitacións contidos nas correspondentes ordenanzas, de acordo cos criterios establecidos nos artigos seguintes».

Pola súa banda, o art 1.2 do Real Decreto 1372/1986, de 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de Bens das Entidades Locais (RBEL), establece que o réxime de bens das Entidades locais rexerese, entre outros:

“e) Polas Ordenanzas propias de cada Entidade”.

Por conseguinte, podemos afirmar que **tanto a LBRL como o RBEL recoñecen ao Concello potestade para regular, vía ordenanza, o axeitado uso das súas infraestruturas viarias non urbanas, a fin de protexelas, podendo establecer limitacións e prohibicións, infraccións e sancións e, por suposto, fianzas que garantan o bo uso e a reparación de eventuais danos.**

SEGUNDO.- Respecto da Vulneración do principio de igualdade consagrado no artigo 14 da Constitución Española.

Alega a FEARGAMA que a ordenanza Municipal Reguladora das actividades extractivas de madeira e xestión da biomasa nos montes e espazos forestais do Concello de Cerdido vulnera o principio de igualdade consagrado no artigo 14 da Carta Magna.

Para xustificar tal afirmación, fai referencia a varias sentencias do TSXCL que non son vinculantes para os órganos xudiciais inferiores nin da propia Comunidade Autónoma, e que descoñecen a realidade dos montes de Galicia. A mais afondamento, nas sentencias transcritas no escrito de alegacións, as fianzas que se impugnan impóñense aos vehículos destinados á extracción de madeira. Na ordenanza que nos ocupa, o concello de Cerdido impón a fianza a unhas determinadas actividades empresariais susceptibles de causar danos nas infraestruturas, como destrucións de sinais indicativos e informativos, fochancas



Concello de Cerdido

As Felgasas, s/n, A Barqueira
15569 Cerdido (A Coruña)

981 41 10 00

www.cerdido.org correo@cerdido.es



ocasionadas por manobras negligentes, construcións de ramplas de acceso a fincas obstruíndo as canles das cunetas provocando situacións de perigo nas vías pola presenza de auga e lodo, etc.

Folga dicir que calquera vehículo, sexa de actividade forestal ou de calquera outra, responderá polos danos causados en calquera ben de titularidade ou responsabilidade municipal.

Así as cousas, non se está a vulnerar o principio de igualdade do artigo 14 da Constitución Española, toda vez que non se discrimina a ningún tipo de vehículo, senón que se está a impoñer unha fianza a unha actividade susceptible de causar danos nos bens públicos. Este tipo de fianza tamén son utilizadas polas confederacións hidrográficas ou mesmo a Axencia Xeral de Infraestruturas (AXI), mesmo cando outra administración pública pretende actuar na súa zona de protección.

TERCEIRO.- Respecto ao dereito e obriga a relacionarse electronicamente coas administracións públicas.

A ordenanza obxecto de modificación, en ningún dos seus apartados cuestiona o dereito de calquera cidadán a relacionarse electronicamente coas Administracións Públicas nin as obrigas contempladas no artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

Lido o informe de secretaría emitido fronte ás alegacións da FEARGAMA, sométese a votación a aprobación definitiva da ordenanza Reguladora das actividades extractivas de madeira e xestión da biomasa nos montes e espazos forestais do Concello de Cerdido co seguinte resultado:

Votos a favor: D. Alberto Rey Paz, D^a. María Amalia Díaz Rodríguez, D. Darío Santalla López, D. Jose Manuel Luaces Piñón, D. Diego Graña Pérez e D^a

Votos en contra: ningún

Abstencións: D. Brais Prieto Verdial, D^a María de los Dolores Pita Anca, Rocío Martínez Martínez

Visto anterior, o Pleno do Concello de Cerdido acordou a aprobación definitiva da Ordenanza Reguladora das actividades extractivas de madeira e xestión da biomasa nos montes e espazos forestais do Concello de Cerdido co seguinte contido.



Concello de Cerdido

As Felgasas, s/n, A Barqueira
15569 Cerdido (A Coruña)

981 41 10 00

www.cerdido.org correo@cerdido.es



ORDENANZA REGULADORA DAS ACTIVIDADES REPOBOACIÓN FORESTAL, EXTRACTIVAS DE MADEIRA E XESTIÓN DE BIOMASA NOS MONTES E ESPAZOS FORESTAIS DO CONCELLO DE CERDIDO

LIMIAR

A actividade madeireira ten suma importancia no Concello de Cerdido debido a que boa parte da superficie municipal está cuberta por especies forestais.

Pero asemade, o 25% da poboación galega é propietaria de parcelas forestais, polo que a incidencia do monte nas economías familiares é moi importante, e cómpre darlle o valor que lle corresponde. Ademais, o monte galego posúe unha elevada produtividade, grazas ó noso clima e á nosa terra, e isto xera unha mancha de potencialidades, que ben aproveitadas, poderían incrementar a produción de madeira, facer medrar as rendas das persoas propietarias, mellorar a xestión das empresas madeireiras, achegar produto de calidade para a industria transformadora, e con todo isto xerar máis valor, máis rendas, máis emprego e máis calidade de vida. Para lograr todo isto é preciso virar a actual situación e camiñar cara a un novo paradigma de xestión sustentable do monte galego. E iso pasa por eliminar ou reducir os graves problemas que ten hoxe en día o sector, como son, entre outros, a escasa cualificación da man de obra, unha distribución de parcelas minifundista e irregular, ou os importantes impactos sobre a rede viaria municipal causados pola maquinaria forestal e os labores de extracción e carga da madeira.

O Concello, consciente da importancia do sector, pero tamén preocupado polos custos que esta actividade xera nas infraestruturas locais, e polo tanto no conxunto da poboación, pretende regular con esta ordenanza os labores de xestión forestal en Cerdido, no que atinxa á conservación dos camiños e das vías municipais, e protexer as persoas, vivendas e outras edificacións nos supostos de incendios forestais; e para elo é esencial que as vías de acceso ás zonas forestais se atopen sempre en perfecto estado. E faino con base nas competencias que posúen os municipios nos ámbitos da prevención e extinción de incendios, o medio ambiente ou o urbanismo, establecidas pola Lei 7/1985, reguladora das bases do réxime local, e pola Lei 5/1997, de administración local de Galicia, entre outras.

O uso dos camiños e vías públicas municipais en condicións óptimas é un dereito de toda a comunidade de usuarios, e esixe dunha intervención administrativa que regule as condicións nas que se deben de realizar as operacións de saca de madeira nos montes e parcelas do Concello, tanto públicos como privados, xa que son por todos coñecidos os importantes danos e desperfectos que ás veces ocasionan estas actividades nos nosos camiños.

Trátase, en definitiva, con esta ordenanza, de facer compatible a actividade de aproveitamento forestal coa preservación do medio natural, a protección paisaxística, a conservación dos camiños e a seguridade vial.

É por iso que esta ordenanza vén regular a actividade extractiva de madeira no termo municipal, agás aquela que poida considerarse de autoconsumo. Neste senso créase un rexistro de empresas madeireiras, para levar control das entidades que realizan actividades forestais no termo municipal, e se establecen unha serie de obrigas de xestión que afectan tanto ás empresas como ás persoas propietarias dos montes explotados. Para levar control das operacións forestais que se desenvolvan, o Concello requirirá a presentación dunha comunicación previa, para informar da realización de actividades de reforestación, as extractivas de madeira e de xestión de biomasa, e dunha fianza, para cubrir os posibles estragos que se produzan nas infraestruturas e no dominio público local. Por último a ordenanza recolle un apartado de infraccións e de sancións.



Concello de Cerdido

As Felgasas, s/n, A Barqueira
15569 Cerdido (A Coruña)

981 41 10 00

www.cerdido.org correo@cerdido.es



TÍTULO PRELIMINAR: OBXECTO E FUNDAMENTO

Artigo 1.- Obxecto e fundamento

1. A regulamentación por medio da presente ordenanza das operacións de repoboación, saca de madeira e xestión da biomasa fundaméntase no uso das competencias que lle atribúen ao Concello os artigos 25.2.d) e 84 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local; os artigos 6, 80.2.d) e 286 e seguintes da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia; e os artigos 74 e seguintes do R.D. 1372/1986, do 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de Bens das Corporacións Locais.

2. A presente ordenanza ten por obxecto a protección e conservación dos camiños e vías públicas municipais fronte os danos e desperfectos que poden sufrir os mesmos como consecuencia das repoboacións, sacas de madeira e xestión de biomasa que se produzan dentro do termo municipal de Cerdido. Esta ordenanza afecta en especial, aos actos que se desenvolvan e que teñan por obxecto a obtención de madeira e o seu transporte (operacións preparatorias da corta, desprazamentos de vehículos e maquinaria, construción de ramplas de acceso aos terreos, depósitos de madeira, transporte da madeira etc.). Con isto quérese facer compatible a liberdade de empresa e o desenvolvemento do sector forestal, tan importante no noso Concello, coa preservación do medio natural, a conservación dos camiños e pistas municipais e coa seguridade viaria.

Artigo 2.- Definicións

1. Para os efectos de aplicación desta ordenanza considérase como actividade forestal aquela que se desenvolve a partir do aproveitamento múltiple dos recursos que proporcionan os terreos nos que vexetan especies arbóreas, sexan de nacemento ventureiro, de semente ou de plantación, sempre que non sexan características de cultivo agrícola.

2. Por corta e saca de madeira deberá entenderse, para os efectos desta ordenanza, a totalidade das operacións que se desenvolvan dentro do municipio de Cerdido que teñan por obxecto a obtención e transporte de madeira de corta, incluíndo tanto as operacións previas ou preparatorias á corta (desprazamento de vehículos e maquinaria, construción de ramplas ou accesos ás fincas, preparación do terreo etc.) como as posteriores (preparación e depósito da madeira, cargamento e transporte).

3. Por empresa madeireira debe entenderse a persoa física ou xurídica que realice os labores de preparación do terreo, repoboación, corta, saca, depósito e/ou transporte da madeira. Tamén abrangue a aquelas persoas propietarias que realicen algúns destes labores nas parcelas da súa propiedade, sempre e cando non sexa para o autoconsumo de madeira e teñan por destino a súa comercialización.

4. Por repoboación forestal debe entenderse a introdución de especies forestais nun terreo mediante sementa ou plantación. Pode ser forestación ou reforestación.

5. Por forestación debe entenderse a repoboación, mediante sementa ou plantación, dun terreo que era agrícola ou estaba dedicado a outros usos non forestais

6. Por reforestación debe entenderse a reintroducción de especies forestais, por medio de sementa ou plantación, en terreos que xa estiveron poboados forestalmente ata épocas recentes pero que quedaron rasos por mor de tallas, incendios, vendavais, pragas, enfermidades ou outros motivos.

7. Por xestión da biomasa debe entenderse, no contexto desta ordenanza, a retirada ou trituración dos restos amoreados como consecuencia das actividades extractivas da madeira coa finalidade de reducir ou eliminar a carga de combustible no terreo obxecto da actividade de tala e extracción de madeira.

Artigo 3.- Ámbito de aplicación



Concello de Cerdido

As Felgasas, s/n, A Barqueira
15569 Cerdido (A Coruña)

981 41 10 00

www.cerdido.org correo@cerdido.es



1.- O ámbito de aplicación desta ordenanza é o termo municipal de Cerdido, sen prexuízo das disposicións especiais que poidan rexer en zonas cualificadas como especialmente protexidas ou espazos naturais.

2.- Quedan excluídas do ámbito de aplicación desta ordenanza:

- as talas puntuais de exemplares de árbores illadas
- as podas e refaldes en plantacións forestais
- o clareo de rebrotes de cepa de menos de tres anos
- os traballos de desbroce e limpeza de predios
- as talas que teñan por finalidade os aproveitamentos para uso doméstico, a eliminación dunha situación de perigo para persoas ou bens, ou as que se produzan como consecuencia da enfermidade da especie.

TÍTULO I:

REXISTRO, AUTORIZACIÓNS E RÉXIME XURÍDICO

Capítulo primeiro

Das actividades de repoboación forestal.

Artigo 4.- As persoas físicas ou xurídicas que pretendan levar a cabo tarefas de repoboación, sexa forestación ou reforestación, deberán presentar nas oficinas municipais, con 5 días hábiles de antelación á data prevista para o inicio da súa execución, un escrito de comunicación previa, conforme ao modelo contemplado nos Anexos II, III, e IV desta ordenanza, e sen prexuízo da obtención dos permisos e/ou autorizacións sectoriais pertinentes conforme á normativa vixente.

Artigo 5.- No caso de non utilizar maquinaria pesada susceptible de causar danos nos bens de titularidade municipal, as persoas que realicen as tarefas de repoboación non estarán obrigadas a presentar fianza, sen prexuízo das responsabilidades que se poidan derivar polos danos causados nos bens públicos como consecuencia de dita actividade.

Artigo 6.- No caso de utilizar maquinaria pesada susceptible de causar danos nos bens de titularidade municipal, as persoas que realicen as tarefas de repoboación, estarán obrigadas a presentar fianza de 500,00 €, sen prexuízo das responsabilidades que se poidan derivar polos danos causados nos bens públicos como consecuencia de dita actividade.

Capítulo segundo.

Das actividades de xestión da biomasa.

Artigo 7.- As persoas físicas ou xurídicas contratadas para retirar ou triturar os restos derivados da tala de madeira, deberán cumprir a obriga de presentar comunicación previa e prestar fianza nos mesmos termos que aquelas que van realizar tarefas de corta e saca de madeira.

Artigo 8.- as persoas físicas ou xurídicas que realicen as tarefas de xestión da biomasa derivada da corta e saca de madeira, só estarán exentas de cumprir as obrigas do artigo 7 da presente ordenanza,



Concello de Cerdido

As Felgasas, s/n, A Barqueira
15569 Cerdido (A Coruña)

981 41 10 00

www.cerdido.org correo@cerdido.es



cando actúen por encargo ou subcontratadas pola empresa madeireira que realiza a corta, suposto no que esta última, será a responsable dos danos no dominio público e de mantelo en bo estado de uso.

Capítulo terceiro.

Das empresas madeireiras.

Artigo 9.-Rexistro de empresas madeireiras

1. As persoas físicas ou xurídicas que realicen actividades madeireiras no Concello de Cerdido deberán inscribirse nun Rexistro establecido para controlar o desenvolvemento destas actividades, no que se fará constar a denominación da empresa, NIF, enderezo, teléfono, correo electrónico e persoa/s de contacto. Recóllese o modelo de solicitude de inscrición no Anexo I.

Artigo 10.- Requisitos para as operacións de corta e saca de madeira

1. Para realizar traballos de corta e saca de madeira en plantacións forestais deste Concello, será obrigatorio presentar nas oficinas municipais unha comunicación previa por escrito, cunha antelación mínima de cinco días hábiles ao comezo das actividades. Isto farase sen prexuízo da necesaria obtención, con carácter previo, dos permisos ou autorizacións que, conforme á normativa vixente, sexan necesarios, xa foren da autoridade forestal, de conservación da natureza, de protección de augas ou de preservación do patrimonio arqueolóxico.

2. O escrito de comunicación previa será asinado pola empresa madeireira, debendo constar nel os seguintes datos:

- Datos identificativos empresa madeireira (denominación, número do NIF, enderezo e teléfono, nome e apelidos da persoa encargada ou responsable da empresa) e do propietario forestal.

- Especie de madeira obxecto da corta

- Volume de madeira que se prevé extraer

- Nome das fincas ou montes afectados, lugar ou sitio e parroquia

- Identificación catastral da finca ou monte afectado (polígono e parcela/s)

- Datas previstas de inicio e remate dos traballos

- Lugar onde se depositará a madeira á espera da súa carga

- Fotocopia compulsada da solicitude ou do permiso, autorización ou licenza de corta expedido pola autoridade competente

- Fotocopia compulsada do seguro de responsabilidade civil ou calquera outro similar da empresa madeireira que cubra os eventuais danos e prexuízos que poidan causarse con ocasión da corta e saca de madeira, así como do último recibo pagado, acreditativo de que o dito seguro está vixente no momento de realizarse as ditas operacións. No suposto que a empresa madeireira no sexa posuidora de ningún destas características, deberá facelo constar expresamente no escrito de comunicación que presente.

3. O Concello de Cerdido terá a disposición das persoas interesadas un modelo normalizado de escrito de comunicación previa, tal e como se recolle no Anexo II, III e IV.

4.- Unha vez presentada no rexistro xeral do Concello a documentación sinalada no apartado 2º deste artigo, e previamente ao inicio dos traballos de saca de madeira, persoal do concello de Cerdido, comprobará o estado físico dos camiños e vías que vaian ser utilizados, obtendo as fotografías que sexan pertinentes para acreditar a súa realidade física.



Concello de Cerdido

As Felgosas, s/n, A Barqueira
15569 Cerdido (A Coruña)

981 41 10 00

www.cerdido.org correo@cerdido.es



5.- O Concello, excepcionalmente, poderá denegar ou limitar o acceso e/ou o depósito por calquera das vías ou zonas indicadas no escrito de comunicación previa, de forma motivada, tendo en conta o seu estado, a resistencia do seu firme, a súa ubicación, a súa utilización na data solicitada para outros fins, ou calquera outra causa xustificada.

6. O Concello de Cerdido requirirá á empresa madeireira ou á persoa propietaria do monte ou predio forestal a presentación dun escrito de posta en coñecemento (o mesmo que o de comunicación previa) cando comprobe que a empresa madeireira non cumpriu coa súa obriga de presentar nas oficinas municipais a comunicación previa.

7. Exceptuase de todo o descrito anteriormente, e, polo tanto, do disposto na presente ordenanza, a realización de cortas para usos propios domésticos, entendendo como tales os que non teñan fins comerciais e teñan un volume máximo de 10 m³.

Artigo 11.- Responsables

1. A empresa madeireira será responsable directamente de todos os danos e prexuízos a persoas e bens que se produzan ou ocasionen con motivo da corta, depósito e transporte da madeira, debendo reparar o dano causado. O Concello de Cerdido velará especialmente para que as ditas operacións de corta e saca de madeira non ocasionen danos nas vías públicas municipais e estas queden en adecuado estado de conservación, limpeza e seguridade.

2. A obriga recollida no punto anterior será esixible non só polos actos ou omisións propios, senón tamén polos cometidos por calquera persoa que, sen ser empregada ou traballadora da empresa madeireira, interveña nas operacións de corta e saca de madeira por conta, consentimento ou aquiescencia da empresa madeireira, e, en xeral, polos cometidos por aquelas persoas de quen deba responder.

3. As persoas propietarias das parcelas de monte nas que se efectúen actividades de extracción de madeira serán responsables, nomeadamente cando a corta se faga a eito en zonas con pendentes elevadas, de tomar as medidas precisas para previr tanto os riscos erosivos sobre o terreo como as posibles consecuencias da erosión sobre os bens públicos.

Artigo 12.- Obrigacións

1. A empresa madeireira estará obrigada a asumir os custes da reparación dos estragos producidos nas vías, nas estruturas anexas ou noutros elementos do dominio público local.

2. A empresa madeireira fica obrigada á limpeza e retirada dos residuos da corta de madeira, de xeito que as pistas, camiños ou espazos públicos queden en todo momento no mesmo estado de limpeza e conservación que tiñan antes de levarse a cabo as operacións de corta e saca de madeira. A obriga de limpeza deberá cumprirse durante os traballos de tala e extracción e en todo caso, todos os días ao final da xornada de traballo.

3. Os depósitos de rolla, pólas, podalla ou demais restos non poderán invadir as zonas de circulación viaria, nin menoscabar a funcionalidade das cunetas, gabias, canalizacións, pontellas ou calquera outra infraestrutura auxiliar ou anexa ós camiños ou vías, de cara a evitar riscos para as persoas usuarias.

4. Prohíbese que os refugallos que non sexan estritamente vexetais fiquen ou se depositen no monte, vías ou lugares non autorizados. Os residuos asimilables ós urbanos seleccionaranse e depositaranse no contedor municipal adecuado. Os residuos industriais, especialmente, aceites usados, entregaranse a un xestor autorizado de residuos.

5. As empresas madeireiras e/ou as persoas propietarias dos montes tratarán os restos forestais de maneira que minimicen o risco de incendio, dando prioridade ós tratamentos que supoñan a incorporación dos ditos restos ó ciclo produtivo agroforestal ou ó aproveitamento de biomasa forestal residual nas súas distintas variantes.



Concello de Cerdido

As Felgasas, s/n, A Barqueira
15569 Cerdido (A Coruña)

981 41 10 00

www.cerdido.org correo@cerdido.es



6. A empresa madeireira estará obrigada a sinalizar as vías situadas nas zonas de extracción e depósito de madeira conforme ao establecido na normativa vixente en materia de tráfico, circulación e seguridade viaria.

7. A empresa madeireira ou o propietario forestal deberán derrubar e repor ao seu estado anterior as ramplas abertas para facilitar o acceso ao terreo ou ao monte, co obxecto de que, cando chova, a auga e a terra arrastrada non asolague e cause danos nas pistas ou camiños municipais.

8. As limpezas ou reparacións deberanse realizar nun prazo máximo de 72 horas a partir da retirada da madeira.

Artigo 13.-Prohibicións.

1. Prohíbese o uso das vías públicas para almacén ou depósito irregular da madeira. Entenderase por depósito irregular, para os efectos desta ordenanza, aquel que exceda de 30 días naturais.

2.- Prohíbese bloquear camiños e vías públicas para realizar as tarefas de carga e descarga da madeira, salvo cando sexa estritamente necesario. No caso de non existir alternativa ao bloqueo da pista, deberase sinalizar os cortes con antelación suficiente e indicar vías alternativas. Os cortes durarán o tempo estritamente necesario para realizar as tarefas de carga ou descarga e retiraranse inmediatamente no caso que impedir a circulación de vehículos de asistencia e emerxencia.

Artigo 14.- Fianza.

1. As empresas madeireiras deberán depositar unha fianza en metálico ou aval bancario en favor do Concello, co obxecto de responderen diante dos posibles danos non reparados voluntariamente, segundo se recolle nesta ordenanza. Para os efectos desta fianza (que debe ser depositada con anterioridade ao comezo dos traballos) establécense catro categorías:

- Corta inferior a 300 toneladas: 1.500,00 €
- Corta entre 300 e 1.000 toneladas: 3.000,00 €
- Corta entre 1.000 e 3.000 toneladas: 6.000,00 €
- Corta superior a 3.000 toneladas: 9.000,00 €

2. No caso de que a mesma empresa madeireira vaia realizar, ao mesmo tempo, cortas en parcelas contiguas, o volume total de madeira extraída desas parcelas deberá sumarse, ós efectos do cálculo da garantía que se lle aplicará.

3. Unha vez comunicado o remate dos traballos por parte da persoa interesada, a tramitación administrativa do expediente da devolución da garantía completárase nun prazo de 30 días naturais, toda vez que os servizos municipais comprobaren a inexistencia de danos nas vías, nas infraestruturas ou no dominio público local.

Artigo 15.- Normas comúns no uso da fianza non devolta e execución subsidiaria

1. Transcorrido un prazo de sete días dende que se producise a destrución ou deterioro do dominio público viario local ou a acumulación de restos procedentes das operacións de carga e almacenamento, o Concello poderá realizar, con cargo á garantía as operacións de reparación, corrección e/ou retirada de restos, sen prexuízo da sanción que proceda.

2. Se os danos foren dunha contía superior ao da fianza, o Concello elaborará un informe técnico sobre os ditos danos e requiriráse ao responsable da corta para que abone as cantidades resultantes a maiores do establecido na fianza inicial. No caso de non ser atendido o dito requirimento, o Concello resérvase o exercicio das accións legais e fiscais oportunas.



Concello de Cerdido

As Felgosas, s/n, A Barqueira
15569 Cerdido (A Coruña)
981 41 10 00
www.cerdido.org correo@cerdido.es



TÍTULO II: INFRACCIÓNS E SANCIÓN S

Artigo 16.- Infracción s

1. Son infracción s da presente ordenanza os actos e omisión s que contraveñan o establecido nesta. A comisión de calquera infracción levará aparellada a imposición aos responsables das correspondentes sanción s, ademais da obriga de indemnizar aos prexudicados polos danos derivados da súa comisión.

2. As infracción s a esta ordenanza cualifícanse en moi graves, graves e leves.

3. Constitúen infracción s **moi graves**:

- Non presentar, no prazo que se lle indique, o escrito de comunicación previa de realización dos traballos forestais, unha vez fose requirido polo Concello

- Deixar as vías municipais nun estado de sucidade que supoña unha situación de risco para a seguridade viaria, segundo o informe municipal emitido para o caso

- Causar danos nas estradas, pistas, camiños ou noutros elementos do dominio público local por valor superior a 6.000,00 €

- Cometer, nun prazo dun ano, dúas faltas graves firmes na vía administrativa

4. Son infracción s **graves**:

- Non presentar o escrito de comunicación previa, aínda que o achegue despois de ser requirido polo Concello

- Deixar as vías municipais en deficiente estado de sucidade, segundo o informe municipal emitido para o caso

- Causar danos nas estradas, pistas, camiños ou noutros elementos do dominio público local por valor inferior a 6.000,00 €

- Non demoler ou non repor ao seu estado orixinal as ramplas ou accesos que se abran para acceso aos terreos forestais

- Cometer, nun prazo dun ano, dúas faltas leves, firmes na vía administrativa

5. Considéranse infracción s **leves** calquera outro incumprimento desta ordenanza que non estea cualificado como moi grave ou grave e cuxa sanción corresponda ao Concello.

Artigo 17.-Responsables.

1.- Serán responsables das infracción s sinaladas no artigo anterior as persoas físicas e xurídicas que as cometan en calidade de repoboadores, madeireiros ou xestores da biomasa.

2.- Os propietarios dos montes e/ou parcelas serán responsables das infracción s de que se trate no suposto de non identificar as persoas que realizaron as tarefas de repoboación, tala e extracción, ou xestión da biomasa, unha vez sexan requiridos polo Concello, e transcorrido o prazo de dez días hábiles a contar dende o seguinte ao da recepción do requirimento.

Artigo 18.- Sanción s

De conformidade co disposto no artigo 141 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, as infracción s desta ordenanza serán sancionadas coas seguintes multas:

- Infracción s leves: multa de ata 750,00 €



Concello de Cerdido

As Felgasas, s/n, A Barqueira
15569 Cerdido (A Coruña)

981 41 10 00

www.cerdido.org correo@cerdido.es



- *Infraccións graves: multa de ata 1.500,00 €*

- *Infraccións moi graves: multa de ata 3.000,00 €*

2. *A tramitación do procedemento sancionador, non previsto nesta ordenanza, rexerá pola normativa xeral na materia e, en todo caso, coa audiencia e demais garantías procesuais para a persoa interesada.*

3. *O importe das multas será graduado tendo en conta as circunstancias concorrentes e de acordo co establecido na normativa vixente.*

4. *As multas e sancións impostas ao amparo da presente ordenanza reduciráse na súa contía nun 50% no caso de seren aboadas no prazo de 15 días a partir da notificación da multa ou sanción, e se a persoa infractora mostra por escrito a súa conformidade con estas, e renuncia expresamente ao exercicio de toda acción de impugnación no citado prazo.*

5. *O pagamento das multas poderase esixir pola vía administrativa de constrinximento, sen prexuízo da esixencia, se for o caso, das correspondentes responsabilidades civís e penais.*

6. *As sancións serán independentes da reparación do dano causado e da indemnización de danos e perdas a que houber lugar.*

7. *A resolución do expediente sancionador corresponderá á Alcaldía.*

Artigo 19.- **Requirimentos**

Advertido o incumprimento da presente ordenanza, e de forma paralela á apertura do expediente sancionador, requirirase á persoa responsable da infracción para que se axuste á normativa e, de ser o caso, repare os danos e prexuízos causados, outorgándolle para isto un prazo prudencial fixado polos servizos técnicos municipais, que, en calquera caso, non poderá exceder dun mes. Transcorrido este prazo sen que se dea cumprimento ao requirimento, procederase, sen necesidade de novas notificacións, á súa execución subsidiaria, cargándolle os custos derivados á persoa responsable.

DISPOSICIÓN DERRADEIRAS

1. *A presente ordenanza entrará en vigor logo dun mes dende a súa completa publicación no Boletín Oficial da Provincia.*

2. *A Alcaldía queda facultada para ditar cantas ordes ou instrucións resulten necesarias para a adecuada interpretación, desenvolvemento e aplicación desta ordenanza.*

ANEXO I

SOLICITUDE DE INSCRICIÓN NO REXISTRO DE EMPRESAS MADEIREIRAS DO CONCELLO DE CERDIDO

Datos da empresa madeira	
Denominación	
NIF	
Enderezo	
Correo electrónico	
Persoa de contacto	

A empresa devandita solicita a súa inclusión no REXISTRO DE EMPRESAS MADEIREIRAS DO



Concello de Cerdido

As Felgasas, s/n, A Barqueira
15569 Cerdido (A Coruña)

981 41 10 00

www.cerdido.org

correo@cerdido.es



CONCELLO DE CERDIDO

En Cerdido, a de de 20.....

Nome: Representante da empresa

ANEXO II

MODELO DE COMUNICACIÓN PREVIA DAS OPERACIÓNS DE CORTA E SACA DE MADEIRA

Denominación				
NIF				
Enderezo				
Telefono de contacto				
Nome da persoa encargada				
Identificación do titular forestal				
Especie de madeira obxecto da corta				
Volume total de madeira a extraer (m3)				
Nome das fincas ou montes afectados, lugar, sitio e parroquia				
Identificación catastral	Polígono		Parcela	
Datas previstas de inicio e remate				
Lugar onde se vai a depositar a madeira				

En aplicación da Ordenanza reguladora das actividades de repoboación, extractivas de madeira e xestión de biomasa nos montes e espazos forestais do Concello de Cerdido comunico o inicio de actividades forestais nas parcelas indicadas previamente.

Documentación que achega (marque o que corresponda):

- Fotocopia compulsada da solicitude ou do permiso, autorización ou licenza de corta
- Fotocopia compulsada do seguro de responsabilidade civil ou calquera outro similar
- Fotocopia compulsada do último recibo pagado do seguro de responsabilidade civil
- Non posúe ningún seguro de responsabilidade civil
- Fotocopia compulsada da fianza ou aval bancario

En Cerdido, a de de 20.....

ANEXO III

MODELO DE COMUNICACIÓN PREVIA DAS OPERACIÓNS DE REPOBOACIÓN



Concello de Cerdido

As Felgasas, s/n, A Barqueira
15569 Cerdido (A Coruña)

981 41 10 00

www.cerdido.org

correo@cerdido.es



Denominación			
NIF			
Enderezo			
Telefono de contacto			
Nome da persoa encargada			
Identificación do titular forestal			
Especie de madeira obxecto da repoboación			
Utilizarase maquinaria pesada nas tarefas de repoboación	SI		NON
Nome das fincas ou montes afectados, lugar, sitio e parroquia			
Identificación catastral	Polígono		Parcela
Datas previstas de inicio e remate			

En aplicación da Ordenanza reguladora das actividades de repoboación, extractivas de madeira e xestión de biomasa nos montes e espazos forestais do Concello de Cerdido comunico o inicio de actividades forestais nas parcelas indicadas previamente.

Documentación que achega (marque o que corresponda):

- Fotocopia compulsada da fianza ou aval bancario (De ser o caso)

En Cerdido, a de de 20.....

sinatura

ANEXO IV

MODELO DE COMUNICACIÓN PREVIA DAS OPERACIÓNS DE XESTIÓN DA BIOMASA

Denominación			
NIF			
Enderezo			
Telefono de contacto			
Nome da persoa encargada			
Identificación do titular forestal			
Tipo de xestión	Retirada da biomasa		Trituración da biomasa
Nome das fincas ou montes afectados, lugar, sitio e parroquia			
Identificación catastral	Polígono		Parcela
Datas previstas de inicio e remate			



Concello de Cerdido

As Felgosas, s/n, A Barqueira
15569 Cerdido (A Coruña)

981 41 10 00

www.cerdido.org correo@cerdido.es



En aplicación da Ordenanza reguladora das actividades de repoboación, extractivas de madeira e xestión de biomasa nos montes e espazos forestais do Concello de Cerdido comunico o inicio de actividades forestais nas parcelas indicadas previamente.

Documentación que achega (marque o que corresponda):

- Fotocopia compulsada do seguro de responsabilidade civil ou calquera outro similar
- Fotocopia compulsada do último recibo pagado do seguro de responsabilidade civil
- Non posúe ningún seguro de responsabilidade civil
- Fotocopia compulsada da fianza ou aval bancario

En Cerdido, a de de 20.....

sinatura

4.- RELACIÓN DE DECRETOS DE LACALDÍA PARA DAR CONTA NO PLENO ORDINARIO DE XUÑO.

Relación de decretos para dar conta no Pleno de xuño

Nª	Fecha	Asunto
91	24/04/25	Cuenta General
92	25/04/25	Pleno ordinario 30/04/2025
93	28/04/25	EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS NÚM. 2025/XC/02 DE XERACIÓN DE CRÉDITOS SUBVENCIÓN ENVELLECIMENTO ACTIVO 2025 SUBVENCIÓN SERVIZOS SOCIAIS COMUNITARIOS 2025 (FOPSS/2025) SUBVENCIÓN AGADER 2025-2026 SUBVENCIÓN POS+2025 GASTO CORRENTE SUBVENCIÓN POS+2025 INVESTIMENTO SUBVENCIÓN POS+ADICIONAL 1/2025 GASTOS SOCIAIS EXTRAORDINARIOS DO EXERCICIO 2025 SUBVENCIÓN POS+ADICIONAL 3/2025 PARA GASTOS CORRENTE SUBVENCIÓN POS COMPLEMENTARIO 2025
94	28/04/25	Nóminas do mes de abril de 2025 do persoal funcionario, laboral e con dedicación exclusiva do Concello de Cerdido, e aprobación dos seguros sociais correspondentes ao mes de marzo de 2025.
95	02/05/25	Aprobación da Certificación nº2 e final da obra Camiño Carreiro da Bola a Riba de Abaixo (Os Casás) e outro, dentro do plan de mellora de camiños municipais AGADER 24-25, e aprobación e pago da factura núm. FE25 16 con NRC F/2025/251.
96	02/05/25	Aprobación da Certificación nº1 e final da obra de Mellora Camiño Acceso Cuqueira e outros, (POS+2024), e aprobación e pago da factura núm. FE25 42 con NRC F/2025/500.
98	07/05/25	Alta no padrón municipal de habitantes en Casaldaia de Arriba, 4, A Barqueira
99	07/05/25	Alta no padrón municipal de habitantes en Casavella, 16, A Barqueira
100	07/05/25	Alta no padrón municipal de habitantes en Felgosas, 32 A, A Barqueira
101	09/05/25	RELACIÓN DE RECIBOS CORRESPONDENTE AO MES DE ABRIL DE 2025 DA TAXA POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR.
102	09/05/25	Contrato menor de servizos para a elaboración Plan de Seguridade da Auga (PSA) na zona de abastecemento zona 3 do Concello de Cerdido
103	14/05/25	BANDEIRA VERDE



Concello de Cerdido

As Felgasas, s/n, A Barqueira
15569 Cerdido (A Coruña)

981 41 10 00

www.cerdido.org correo@cerdido.es



104	15/05/25	APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA RELACIÓN DE FACTURAS F/2025/3
105	15/05/25	CONTRATO OBRA INSTALACIÓN DESHUMECTADORA NA PISCINA MUNICIPAL (POS+ 2023) Procedemento aberto supersimplificado
106	16/05/25	BOLSA AUXILIAR ADMINISTRATIVO
107	16/05/25	EXCLUSIÓN BOLSA AUXILIAR ADMINISTRATIVO JESÚS PITA RODRÍGUEZ
108	16/05/25	Contrato menor de servizos para actuación da Rede Cultural 2025: Expresión producións: Contos animados
109	20/05/25	Contratación Eva M ^a García Caneiro do 21/05/2025 ao 20/11/2025
110	20/05/25	Alta no padrón municipal de habitantes en Casaldaia de Abaixo, 3, A Barqueira
111	20/05/25	EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS NÚM. 2025/XC/03 DE XERACIÓN DE CRÉDITOS SUBVENCIÓN APROL RURAL 2025 SUBVENCIÓN REDE CULTURAL 2025
113	21/05/25	Aceptación da renuncia de Carmen D.S. ao contrato de traballo e expulsión da lista
114	23/05/25	Convenio XANTAR NA CASA
115	26/05/25	APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA FACTURA NÚMERO A 203 CON NÚMERO DE REXISTRO CONTABLE F/2025/564
116	26/05/25	SOLICITUDE DE RECOÑECIMENTO DUN NOVO TRIENIO CUMPRIDO O 24/05/2025
117	27/05/25	AMPLIACION XORNADA SAF
118	27/05/25	AMPLIACION XORNADA SAF
119	28/05/25	AMPLIACION XORNADA SAF
120	29/05/25	Nóminas do mes de maio de 2025 do persoal funcionario, laboral e con dedicación exclusiva do Concello de Cerdido, e aprobación dos seguros sociais correspondentes ao mes de abril de 2025.
121	30/05/25	Convocatoria selección personal APROL RURAL 2025 TR351G/2025
122	02/06/25	Contrato menor de servizos dunha actuación da Rede Cultural da Deputación da Coruña 2025: "Os Dabaixo: somos a pedra"
123	02/06/25	AUTOLIQUIDACIÓN TAXAS EXPTE. DH.W15.98737. TENDIDO SOTERRADO DE REDES DE ABASTECIMENTO NO LUGAR DE ABELLEIRA -CAMPO DO HOSPITAL. AUTOLIQUIDACIÓN TAXAS EXPTE. DH.W15.98738. TENDIDO SOTERRADO DE REDES DE ABASTECIMENTO NO LUGAR DE AREA RECREATIVA O CASTRO. AUTOLIQUIDACIÓN TAXAS EXPTE. DH.W15.98739. MANTEMENTO/MELLORA REDE VIARIA PÚBLICA NO LUGAR DE CAMIÑO ACCESO A CUQUEIRA. AUTOLIQUIDACIÓN TAXAS EXPTE. DH.W15.98740. MANTEMENTO/MELLORA REDE VIARIA PÚBLICA NO LUGAR DE RAÑOIA.
124	02/06/25	Contrato menor de servizos dunha actuación da Rede Cultural da Deputación da Coruña 2025: A requinta de Lampai
125	03/06/25	Recoñecemento dun trienio a ACC cumprido o 23/12/2023
126	03/06/25	LIQUIDACIÓN CANON DA AUGA CORRESPONDENTE AO 3º CUADRIMESTRE DO EJERCICIO 2024
127	04/06/25	Alta no padrón municipal de habitantes deste Concello en Fercoi, 7, Cerdido
128	05/06/25	Relación de recibos correspondente ao mes de maio de 2025 do prezo público pola prestación do servizo de axuda no fogar
129	05/06/25	COMUNICACIÓN PREVIA DE OBRAS CAMBIO DE CUBERTA ROCHA, 3
130	06/06/25	Contrato menor de servizos para limpeza de cunetas en 28 quilómetros de vías municipais
131	09/06/25	Alta no padrón municipal de habitantes en Balados, 1, Cerdido
132	12/06/25	Nomeamento e convocatoria do tribunal cualificador : APROL RURAL 2025 TR351G/2025
133	11/06/25	DENEGACIÓN DE RECOÑECIMENTO DE TRIENIO ANA S. M.



Concello de Cerdido

As Felgosas, s/n, A Barqueira
15569 Cerdido (A Coruña)

981 41 10 00

www.cerdido.org correo@cerdido.es



134	18/06/25	Solicitude de axuda no fogar de JOSEFA FLORA NEIRA RICO
135	18/06/25	Solicitude do Servizo de Axuda no Fogar de HERMINIA DOPAZO FILGUEIRAS
136	18/06/25	APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA RELACIÓN DE FACTURAS F/2025/4
137	18/06/25	POS+ 2025-COMPLEMENTARIO: Viario Cruz dos Novás
138	18/06/25	Aprobación da convocatoria e das bases de selección personal para a creación dunha bolsa para a contratación de persoal auxiliar de axuda no fogar
139	19/06/25	REDE CULTURAL: Contrato Coral EIXIL. Os Casás 22 /06/25
140	20/06/25	Autorización para realizar as luminarias de San Xoan e San Pedro os días 23 e 28 de xuño de 2025 no termo municipal de Cerdido
141	23/06/25	Bajas del Padrón Municipal de Habitantes por caducidade

O alcalde pregunta se algún dos asistentes necesita aclaracións.

- Don Brais solicita aclaracións sobre o decreto 102 de data 09/05/2025: *Contrato menor de servizos para a elaboración Plan de Seguridade da Auga (PSA) na zona de abastecemento zona 3 do Concello de Cerdido*

O alcalde aclara que se trata de un Plan de Seguridade obrigatorio para todos os concellos que teñen abastecemento de auga. Que está contratado con NAVAQUA por 4180,00 euros mais IVE

- Dona Rocío pregunta que é BANDEIRA VERDE

O alcalde aclara que se trata de un distintivo a nivel autonómico que se concede a certos concellos que cumpren uns requisitos que puntúan para determinadas subvencións. Que o concello está pendente da súa concesión ou denegación.

- Don Brais solicita aclaracións sobre o decreto 105 de data 15/05/2025: CONTRATO OBRA INSTALACIÓN DESHUMECTADORA NA PISCINA MUNICIPAL (POS+ 2023) Procedemento aberto supersimplificado. Pregunta si van comezar as obras. E que prazo de execución ten.

O alcalde contesta que teñen que comezar no mes de xullo. Que a empresa adxudicataria é TERMOCALOR VIGO. Que o prazo de execución é de tres meses.

Don Brais pregunta si vai a estar pechada no verán, e o alcalde contesta que si.

Don Brais di que esa obra podía estar feita antes e o alcalde di que si. Que é do ano 2021. Pero que en algún momento había que facela e que para o inverno estará en funcionamento.

- Don Brais solicita aclaracións sobre o decreto 108 de data 16/05/2025; Contrato menor de servizos para actuación da Rede Cultural 2025: Expresión producións: Contos animados. Pregunta a canto ascende o contrato.

O alcalde informa que non lembra o importe porque é o total de todas as actuacións. Que o total foron 8721,00 euros.



Concello de Cerdido

As Felgasas, s/n, A Barqueira
15569 Cerdido (A Coruña)

981 41 10 00

www.cerdido.org correo@cerdido.es



- Don Brais solicita aclaracións sobre o decreto 111 de data 20/05/2025; EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS NÚM. 2025/XC/03 DE XERACIÓN DE CRÉDITOS SUBVENCIÓN APROL RURAL 2025 SUBVENCIÓN REDE CULTURAL 2025

O alcalde informa que se trata de dúas modificacións. Unha de 8.721,00 euros para Rede Cultural, e outra de 16.602,00 euros para a contratación do peón do APROL. Que solo se contrata un peón por nove meses. Que xa se fixo a selección e que en breve se contratará ao peón. Que o mércores ou o xoves xa debería estar contratado o peón.

Don Brais pregunta cantos traballadores se van contratar co PEL, e o Alcalde contesta que 3. Dous por 5 meses e un por dous meses.

- Dona Rocío solicita aclaracións sobre o decreto 130 de data 06/06/2025; Contrato menor de servizos para limpeza de cunetas en 28 quilómetros de vías municipais.

O alcalde informa que se contratou con unha empresa de Vilaboa a limpeza de 28 quilómetros de vía. Dona Rocío pregunta se son limpeza de cunetas ou desbroces. O alcalde aclara que son desbroces. Igual que se fai co tractor municipal.

Don Brais pregunta si os 28 quilómetros son os que quedan do convenio contra incendios. O Alcalde contesta que si. E que non se miden en quilómetros, que se mide en cartos. Adxudícase a empresa que mais quilómetros faga co diñeiro autorizado. Que son uns 26,000 euros para dous anos.

O alcalde di que foi un contrato menor de adxudicación directa que non se pediron varias ofertas.

- Don Brais solicita aclaracións sobre o decreto 138 de data 18/06/2025; Aprobación da convocatoria e das bases de selección persoal para a creación dunha bolsa para a contratación de persoal auxiliar de axuda no fogar

O alcalde aclara que hai que facer unha bolsa nova, porque a que ten o concello xa quedou desfasada. Que moita xente xa está a traballar noutros concellos.

5.Rogos e preguntas

Don Brais pregunta porque non se fixo un pleno extraordinario antes para a aprobación da Conta Xeral. O alcalde di que si se tivesen os orzamentos en maio, que se faría un extraordinario para aprobalos e tamén se levaría a Conta Xeral. O secretario di que en maio era imposible levar a conta xeral a aprobación porque o prazo de exposición rematou en torno ao 6 de xuño.

Don Brais pregunta como é posible que hai tres anos se dixese de todo por non ter os orzamentos, e agora sigue facéndose o mesmo. O alcalde recoñece que deberían estar aprobados. Que non se atreve a facer previsións.



Concello de Cerdido

As Felgasas, s/n, A Barqueira
15569 Cerdido (A Coruña)

981 41 10 00

www.cerdido.org correo@cerdido.es



- Don Brais pregunta ao Alcalde, porqué o ano pasado o recrearte foi na escola do Castro, e este ano na casa do Concello?

O alcalde non contesta ao que pregunta o voceiro do grupo socialista e responde a unha petición feita por escrito por dito grupo referida ao número de asistentes a Recrearte do ano 2024. Informa que non se leva control de asistentes. Despois aclara que non se fai a exposición Recrearte 2025 na escola do Castro porque quen vivía a exposición é a mesma persoa que vivía a piscina. Ao non estar aberta a piscina non cree que sexa prudente deixar unha exposición sen vixilancia.

- Don Brais lembra ao alcalde que as pistas e paseo fluvial están descoidadas e que por que non hai unha previsión de limpeza para evitar que estas cheguen a tan mal estado. O alcalde di que se van limpando segundo se pode.

Varios concelleiros falan a vez polo que é imposible transcribir este momento do pleno.

A concelleira María Dolores recrimina ao alcalde que só se limpen as pistas si hai festa. Que nunca estiveron tan cheas de maleza. Que antes limpábanse como mínimo dúas veces no ano. Que os seus fillos teñen que ir apartando as herbas para ir a escola.

- Don Brais lembra ao alcalde que xa en abril preguntou cantas horas de libre concorrencia foran devoltas do SAF.

O alcalde contesta que ningunha.

- Don Brais pregunta en que estado se atopa o contrato de redacción do proxecto, dirección de obra e redacción do plan de seguridade e saúde da casa da cultura.

O Alcalde pide ao Secretario que informe, e comunícase aos presentes que ese contrato xa está cumprido. Que a empresa adjudicataria xa entregou o proxecto e que está pendente de aprobación polo pleno. Que no día do Pleno, tanto o proxecto como os pregos de cláusulas administrativas e o informe de urbanismo están no PREMADECOR para a elaboración do informe de análise de riscos.

- Don Brais pregunta por unha subvención para A FRAGA DOS CASAS que estaba a punto de caducar. En que estado está?. O alcalde contesta que non a concederon. Pero que das actuacións na Fraga dos Casas vai encargarse o Xeoparque.

- Dona Rocío informa que a ruta da Fraga está en mal estado, con paus caídos entre outras cousas e que para a xente maior resulta difícil de transitar. O alcalde di que a subvención que non se conseguiu era para arranxar eses defectos.

- Don Brais lembra que no último pleno falouse da pista da Felgueira. Que estaba pendente de certificarse.

O alcalde di que está certificada, pero que a empresa Mantiñan xa ten orde de reparar un defecto no firme. Que a pista debeu afundir nunha zona que tiña un tubo.

-Don Brais roga que os actas dos Plenos sexan subidos á plataforma do Concello. O alcalde di que xa está en marcha esa petición.

- Don Brais di que na páxina web do concello aparece un anuncio de modificación da ordenanza do ICIO. Pregunta si se trata de unha actualización como a da madeira.



Concello de Cerdido

As Felgasas, s/n, A Barqueira
15569 Cerdido (A Coruña)
981 41 10 00
www.cerdido.org correo@cerdido.es



O alcalde informa que menos o primeiro tramo, vanse subir outros dous que afectan a proxectos grandes. Que antes era un 2% para todo tipo de construción, e agora hai tres tramos.

De 0 a 200.000 € 2%
de 200.000 a 500.000 3%
de 500.000 en diante..... 4%

- Don Brais reitera a petición de que se responda por escrito as súas peticións de información. Que hai mais de un mes que solicitou unha resposta por escrito.

O alcalde pregunta que é o que pedían. Don Brais di que un dos asuntos polo que pediu contestación foi o do curso de carretilleiro. O alcalde di que iso xa foi contestado no pleno anterior volvendo a dicir que o concello non o organizou.

- Don Brais lembra que no pleno anterior preguntou por unha pista que ia facer con cargo a AGADER na Pinceira, e que o alcalde non informou correctamente da orixe dos cartos.

O alcalde no presente pleno informa que o diñeiro para arranxar a pista, achegouse por medio de un convenio coa Xunta de Galicia. O grupo socialista insiste en afirmar que esas explicacións non as deu no pleno anterior, feito que nega alcalde.

- Dona Rocío informa que na pista de Noval hai unha máquina parada.

O alcalde informa que pertence a unha empresa á que se lle rescindiu o contrato por demora na execución. Que o concello está pendente de aboar a empresa da máquina a parte da obra que executou correctamente. Que de momento non se lle paga porque non presentou as fotos do cartel da obra.

Dona Rocío amosa a súa preocupación, por si a máquina queda abandonada nesa pista.

E sen mais asuntos a tratar, polo Señor Alcalde levántase a sesión sendo as 21 horas e 46 minutos do día 30 de xuño de 2025, do que eu coma Secretario, dou fe.